

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA 2010

O pasado mes de xullo asinouose o Acordo de Diálogo Social entre o Goberno galego, sindicatos e patronal que ratificaron un total de quince acordos para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

O Acordo de Diálogo Social foi creado en cinco mesas de traballo reunidas en máis de oitenta ocasións desde o pasado mes de xaneiro, nun contexto en que a innovación se converte na aposta principal.

Os colectivos feminino, a mocidade e as persoas desempregadas de longa duración son os principais destinatarios, xa que son colectivos con maiores dificultades para acceder ao emprego.

No eido das políticas activas de emprego e na busca dunha modernización do Servizo Público de Emprego, potenciáranse os labores de orientación e intermediación.

No acordo en materia de formación para o emprego, as medidas céntranse no compromiso colectivo para acadar unha Galicia máis e mellor formada.

Asemade, asináronse acordos nos eidos de prevención de riscos laborais coa redacción dun Plan Estratéxico de Riscos Laborais, mellora da competitividade empresarial, infraestruturas e desenvolvemento sustentable, benestar e cohesión social.

MESA DE FORMACIÓN DO DIÁLOGO SOCIAL

Lexitimadas pola participación de todos os axentes que interveñen no proceso, tras un traballo de análise e debate das propostas, xorden da Mesa de Formación do Diálogo Social de Galicia as seguintes medias e propostas:

- **Novo decreto** que regulará a inscrición e acreditación de centros e entidades formativas.
- **Creación** da Comisión Galega de Formación Continua.
- **Redefinición** da Fundación Galega de Formación para o Traballo.
- **Comisións sectoriais de cualificación e formación profesional.** Apostarase forte polo papel que representan na formación para o emprego, reformulando e delimitando prioridades de actuación. Unificaranse metodoloxías e instrumentos de traballo para todas elas.
- **Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais** adquiridas pola **experiencia laboral.** A xestión do procedemento recaerá no Instituto Galego das Cualificacións, da Dirección Xeral de Formación e Colocación.
- **Período de vixencia:** 2010-2013, revisable anualmente. A mesa 1 do diálogo social “emprego e relacións laborais” constitúese como mesa de seguimento.

Publicacións

NOVAS PUBLICACIÓNS EN FORMATO CD



SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS

Este informe iniciouse nos anos 2005 e 2006 e serviu como base para a realización da web “Datos sobre ocupacións” (2007). A boa acollida en xeral fixo que o Instituto Galego das Cualificacións decidise, desde o ano 2008, a súa publicación anual.

O resultado final do traballo fai fincapé non nas ocupacións máis contratadas nas 53 comarcas galegas, senón nos grupos ocupacionais que presentan unhas mellores perspectivas laborais. Trátase, pois, de incidir naquelas ocupacións que amosan mellores resultados nos indicadores manexados, estean ou non entre as máis contratadas na comarca, co fin de centrar a información naquelas ocupacións que obtiveron mellor situación relativa no mercado territorial local.

ESTUDO DO MERCADO LABORAL GALICIA 2009

Publicación comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004 que analiza e proporciona información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución co fin de adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo. A pretensión desta publicación é a de informar acerca da realidade sociolaboral galega, desde a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa comunidade autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.

A novidade respecto a edicións precedentes é que introduce apartados cos principais trazos que caracterizan a situación laboral dos colectivos de mulleres, mozos menores de trinta anos, maiores de cincuenta e catro e estranxeiros.



http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_vertical/publicaciones_estadisticas

Destacado

SEGUNDA CONVOCATORIA DE PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE

O pasado mes de xullo realizáronse probas en competencias clave dos niveis 2 e 3 no recinto feiral de Silleda. Estas probas permitiranlles ás persoas que non posúen os requisitos de formación requiridos acceder aos cursos correspondentes aos novos certificados de profesionalidade. Un total de 1.007 persoas presentáronse ás distintas competencias clave, rexistrándose unha media de catro probas por persoa.

As competencias clave máis solicitadas foron as de lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

EVOLUCIÓN DOS FILÓNS DE EMPREGO EN GALICIA

Os denominados “novos filóns de emprego” parten dunha enquisa de análise de experiencias levada a cabo na UE en 1994, e constituíron unha proposta dirixida a xerar emprego que satisfaga, amplíe e mellore a calidade de vida cidadá. O tempo transcorrido desde a súa aparición vén confirmando a solidez dos cambios demográficos, sociais e económicos que se sinalaban na súa concepción, o que nos fai intuír a necesidade de estudar a súa implantación efectiva en Galicia.

Proximamente, o Instituto Galego das Cualificacións publicará o estudo Evolución dos filóns de emprego en Galicia. Neste traballo desenvólvese unha metodoloxía dirixida a analizar a evolución

das ocupacións relacionadas cos filóns de emprego, co fin de detectar que actividades presentan unha maior consolidación e avance positivo. As conclusións obtidas permítenos dar un paso máis e relacionar as actividades destacadas, polas súas boas perspectivas de emprego, coa posible formación vía certificados de profesionalidade. Esta formación acreditada achegaría unha maior calidade na produción e nos servizos, e proporcionaríalles aos traballadores e ás traballadoras unha mobilidade laboral que se converte nunha vantaxe competitiva na súa inserción e/ou reinserción profesional.

Apartados/ámbitos dos filóns de emprego

SERVIZOS DA VIDA DIARIA

- Servizos a domicilio
- Atención á infancia
- Novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Axudas a mozos/as con dificultades de inserción

SERVIZOS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

- Mellora da vivenda
- Seguridade
- Transportes colectivos locais
- Aproveitamento dos espazos públicos urbanos
- Comercios de proximidade

SERVIZOS CULTURAIS E DE OCIO

- Turismo
- Sector audiovisual
- Patrimonio cultural
- Desenvolvemento cultural local
- Deportes

PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL

- Tratamento de residuos
- Xestión da auga
- Protección e mantemento das zonas naturais
- Regulación e control da contaminación e instalacións correspondentes
- Enerxías alternativas

Se quere acceder á páxina web do Instituto Galego das Cualificacións

<http://emprego.xunta.es/cualificacions>

Se ten conexión á Internet a través do seu móbil, dirixa a súa cámara cara á imaxe da dereita.





XACOBEO 2010
Galicia

Normativa autonómica destacada:

Decreto 101/2010, do 17 de xuño, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 122, do 29.06.2010).

Orde do 7 de xuño de 2010 pola que se regulan e convocan para 2010 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia

que supoñan a extinción dos seus contratos (DOG núm. 115, do 18.06.2010).

Orde do 18 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas dentro do Programa de apoio ás traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2010 (DOG núm. 147, do 3.08.2010).

Outra normativa de interese:

Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo. (BOE núm. 143, do 12.06.2010).

Real decreto 868/2010, do 2 de xullo, polo que se crea o Observatorio do Emprego Público (BOE núm. 170, do 14.07.2010).

Resolución do 29 de xullo de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se regula a inscrición e, de ser o caso, acreditación de centros e entidades de formación que imparten formación de oferta para o emprego no ámbito de xestión do Servizo Público de Emprego Estatal (BOE núm. 202, do 20.08.2010).

Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por

cesamento de actividade dos traballadores autónomos (BOE núm. 190, do 6.08.2010).

Real decreto lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo (BOE núm. 147, do 17.06.2010, e corrección de erros no BOE núm. 148, do 18.06.2010).

Real decreto lei 12/2010, do 20 de agosto, polo que se prorroga o programa temporal de protección por desemprego e inserción, regulado na Lei 14/2009, do 11 de novembro (BOE núm. 204, do 23.08.2010).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar:

<http://traballoebenestar.xunta.es/>

Para acceder directamente á área de traballo:

<http://traballo.xunta.es>



XUNTA
DE GALICIA